UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| Guía Docente | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Datos Identificativos | | | | 2021/22 |
| Asignatura (*) | Química Xeral 3 | | Código | 610G01009 |
| Titulación | | | | |
| Descriptores | | | | |

| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
|---|---|---|---|---|
| Grao | 2º cuadrimestre | Primeiro | Formación básica | 6 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Idioma | Castelán | | |
| Modalidade docente | Presencial | | |
| Prerrequisitos | | | |
| Departamento | Química | | |
| Coordinación | Carlosena Zubieta, Alatzne | Correo electrónico | alatzne.carlosena@udc.es |
| Profesorado | Alonso Rodriguez, Elia<br>Carlosena Zubieta, Alatzne<br>Castro Romero, Jesús Manuel<br>Del Castillo Busto, Estela<br>Fernandez Solis, Jose Maria | Correo electrónico | elia.alonso@udc.es<br>alatzne.carlosena@udc.es<br>jesus.castro.romero@udc.es<br>estela.delcastillo@udc.es<br>jose.maria.fsolis@udc.es |
| Web | | | |
| Descrición xeral | A materia Química Xeral 3 pertence ao módulo de Química, do primeiro curso da titulación de Grao en Química. Nela estúdanse os aspectos máis relevantes dos equilibrios químicos en disolución, que constitúen a base de numerosos procesos da química inorgánica, orgánica, analítica e química física. | | |

| | |
|---|---|
| Plan de continxencia | (i) ADAPTACIÓN A REALIZAR NO CASO DE NON PRESENCIALIDADE sobrevinda causada por brotes de enfermidade.<br>1. Modificacións nos contidos<br>Non se realizarán cambios.<br>2. Metodoloxías<br>*Metodoloxías docentes que se manteñen<br>Manteñense todas as metodoloxías e se a situación sanitaria o require, se adaptarán ao modo non presencial a través de Teams.<br>No caso de que parte do alumnado non poida conectarse e seguir as clases en tempo real, se utilizarán medios asíncronos (correo electrónico, grabacións das sesións expositivas, tutoriais máis personalizados ...).<br>As probas obxetivas tamén adaptaranse á modalidade telemática usando Moodle e Teams.<br><br>*Metodoloxías docentes que se modifican<br>Non hai modificacións.<br><br>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado:<br>O seguimento realizarase durante as sesións por Teams durante as cales se manterá unha interacción similar á das sesións presenciais.<br>Correo electrónico: os alumnos poderán solicitar titorías de apoio ou para resolver dúbidas. Se non é posible resolvelas por ese medio concertarase unha titoría por Teams.<br>Moodle: utilizarase tanto o foro como o sistema de correo e mensaxería corporativo.<br><br>4. Modificacións na avaliación<br>Non se realizan cambios.<br>*Observacións de avaliación:<br>O sistema de avaliación manterase sen modificación pero as actividades, incluída a proba mixta, realizarase de maneira telemática (en liña).<br>O alumnado que non poida seguir actividades sincrónicas en liña será avaliado por actividades equivalentes realizadas de forma asíncrona.<br><br>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía<br>Non se realizarán cambios.<br><br>(ii) ADAPTACIÓN PREVISTA NO CENTRO PARA OS CASOS NOS QUE SE SUPERE O AFORO DA AULA asignada para a materia: reservaranse espazos adicionais nos que os alumnos poderán seguir as actividades a través da plataforma Teams. No caso das actividades prácticas, os grupos desdobraranse para adaptalos á capacidade do laboratorio. |

| Competencias / Resultados do título | |
|---|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe | |
|---|---|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Coñecemento da nomenclatura, a estrutura e a reactividade dos grupos funcionais orgánicos. Coñecemento do equilibrio químico, entropía, enerxía libre, equilibrio ácido-base, equilibrio de formación de complexos, equilibrio de solubilidade, equilibrio redox e electroquímica. | A1<br>A4<br>A5<br>A6<br>A7<br>A12<br>A21<br>A25 | B2<br>B3 | C1<br>C3 |
| Resolución e exposición de problemas relativos á química dos grupos funcionais orgánicos, ao equilibrio químico e tipos de reaccións químicas (ácido-base, formación de complexos, solubilidade e redox). | | B2<br>B3 | C1<br>C3 |
| Destreza na busca bibliográfica de aplicacións reais e de investigación relacionados cos contidos da materia. Dispoñer de coñecementos e habilidades experimentais suficientes para utilizar de maneira correcta e segura os productos e o material habitual nun laboratorio. Interpretar os resultados obtidos no laboratorio. | A7<br>A12<br>A16<br>A17<br>A19<br>A20<br>A23 | B3<br>B4<br>B5 | C1<br>C3 |

| Contidos | |
|---|---|
| **Temas** | **Subtemas** |
| Tema 1. - Química dos grupos funcionais orgánicos. | Introdución aos compostos orgánicos e as súas estruturas. Clasificación, nomenclatura e propiedades dos compostos orgánicos segundo grupo funcional. Reactividade e principais tipos de reaccións orgánicas. Estereoisomería. |
| Tema 2. - O equilibrio químico. | Condición xeral de equilibrio. Constante de equilibrio. Equilibrios homoxéneos e heteroxéneos. Relación entre cinética e equilibrio químico. O cociente de reacción. Factores que afectan ao equilibrio químico. Principio de Le Chatelier. Equilibrio e enerxía libre de Gibbs. |
| Tema 3. - Equilibrio acedo-base. | Acidez e basicidade: definición de Arrhenius, Brönsted e Lewis. Autoionización da auga. Concepto de pH. Forza de acedos e bases. Constantes de ionización. Acidos polipróticos. Disolucións de sales: hidrólise. Efecto do ión común. Disolucións amortecedoras. Indicadores acedo-base. Valoracións acedo-base. Equilibrio ácido-base no medio non acuoso. Modelo de Pearson. |
| Tema 4. - Equilibrio de formación de complexos. | Consideracións xerais. Tipos de ligandos. Constantes de formación e disociación. Reaccións acedo-base dos ións complexos. Aspectos cinéticos. Aplicacións dos compostos de coordinación. |
| Tema 5. - Equilibrio de solubilidade. | Solubilidade de sales e produto de solubilidade. Reaccións de precipitación e o cociente de reacción. Precipitación fraccionada. Factores que inflúen na solubilidade dos sales: efecto do ión común, efecto salino, pH e formación de complexos. Solubilidade e análise cualitativa. |
| Tema 6. Equilibrio de oxidación-redución. Electroquímica.<br>. | Conceptos básicos: reaccións redox. Potencial de electrodo e potencial estándar de electrodo. Constantes de equilibrio. Relación entre potencial, energía libre de Gibbs e constante de equilibrio. Variación da energía coa concentración: ecuación de Nernst. Equilibrios mixtos: influencia doutros equilibrios. Celdas electroquímicas. Electrólisis. |

| Planificación | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Metodoloxías / probas** | **Competencias / Resultados** | **Horas lectivas (presenciais e virtuais)** | **Horas traballo autónomo** | **Horas totais** |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Sesión maxistral | A1 A4 A5 A6 A7 A12 A16 A21 A25 B2 B3 B4 | 24 | 48 | 72 |
| Seminario | A1 A5 A6 A21 A25 B2 B3 B4 B5 C3 | 8 | 24.8 | 32.8 |
| Prácticas de laboratorio | A7 A12 A16 A17 A19 A20 A23 B3 B4 B5 C1 C3 | 20 | 20 | 40 |
| Proba obxectiva | A1 A4 A5 A6 A12 A20 A21 A25 B3 C1 | 1 | 0 | 1 |
| Proba mixta | A1 A4 A5 A6 A12 A20 A21 A25 B3 C1 | 2.2 | 0 | 2.2 |
| Atención personalizada | | 2 | 0 | 2 |
| ***Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado** | | | | |

| Metodoloxías | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Sesión maxistral | O profesor expoñerá os contidos fundamentais de cada un dos temas. Para o seu mellor aproveitamento, os alumnos disporán con antelación ao desenvolvemento destas sesións dos materiais docentes axeitados para a súa preparación persoal. Todos os alumnos poderán consultar ao profesor calquer aspecto da materia no horario de tutorías establecido para tal efecto. Impartirase en grupo grande. |
| Seminario | Sesións dedicadas á análise e resolución de problemas e cuestións coa participación activa do alumnado e do profesor. Impartirase en grupo pequeno. Os boletíns a resolver atoparanse na web da materia (Moodle) con anterioridade para que os alumnos traballen previamente ao seminario. |
| Prácticas de laboratorio | Nas sesións de laboratorio o alumno desenvolverá exemplos experimentais dos contidos teóricos expostos na aula. Será fundamental a realización dos prelaboratorios antes de realizar a práctica correspondente (senón o alumno non poderá realizar a devandita práctica), así como levar ao día a libreta de laboratorio, de acordo coas indicacións do profesor. Desenvolveranse en grupo pequeno. Impartirase unha sesión inicial na aula en grupo grande para expor aos alumnos os contidos e a dinámica das prácticas. |
| Proba obxectiva | Periódicamente, nas sesións maxistrais, nos seminarios e/ou na aula virtual Moodle, levaranse a cabo probas curtas para avaliar o grao de adquisición de coñecementos e competencias polo alumnado e potenciar a avaliación continua ao longo do curso. |
| Proba mixta | O alumno deberá realizar unha proba mixta que permita avaliar o grao de adquisición de coñecementos e competencias da materia. Nela incluiranse cuestións e problemas sobre os contidos de toda a materia que deberán resolver dun xeito razoado. |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Prácticas de laboratorio<br>Seminario | Convocarase aos alumnos a dúas sesións de 1 hora de atención personalizada para resolver posibles dúbidas e orientalo en relación cos contidos do curso.<br><br>Tamén o alumnado pode pedir tutorías co profesorado, que resolverá as dúbidas plantexadas e os orientará no estudo da materia. |

| Avaliación |
|---|

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|---|---|---|---|
| Prácticas de laboratorio | A7 A12 A16 A17 A19 A20 A23 B3 B4 B5 C1 C3 | Valorarase a realización dos prelaboratorios, as capacidades e destrezas do alumno na realización do traballo experimental, a súa capacidade para interpretar os resultados obtidos, a elaboración do diario de laboratorio, etc. | 20 |
| Seminario | A1 A5 A6 A21 A25 B2 B3 B4 B5 C3 | Valorarase a resolución de boletíns de cuestións e/ou problemas, cumplimento de datas para a súa entrega ou revisión e tamén a participación do alumno a través da formulación de preguntas antes ou despois do desenvolvemento dos seminarios. | 5 |
| Proba mixta | A1 A4 A5 A6 A12 A20 A21 A25 B3 C1 | Terá dúas partes, nunha valorarase a capacidade do alumno de expresar, resumir e desenvolver aspectos teóricos da materia e a outra consistirá na resolución de problemas ou exercicios numéricos. En todos os casos, o alumno deberá razoar axeitadamente as respostas. | 60 |
| Proba obxectiva | A1 A4 A5 A6 A12 A20 A21 A25 B3 C1 | Periódicamente realizaranse probas curtas/entregas nas que o alumnado responda cuestións ou resolva problemas dun xeito razoado que permitan avaliar o seu grao de comprensión dos aspectos máis salientables da materia. | 15 |

## Observacións avaliación

-Para superar a materia será necesario:

1) A realización das prácticas de laboratorio.  2) Obter unha calificación superior ou igual a 5 puntos (sobre 10) nas prácticas de laboratorio e en cada parte da proba mixta. E no caso de non acadar dita puntuación mínimanalgunha destas actividades avaliables, a materia figurará como suspensa, aínda que acualificación media sexa igual ou maior que 5 (nese caso a puntuación asignadaserá de 4,5).

-Na primeira e segunda oportunidade, os alumnos que fixeran as prácticas e acadaran menos dun 5, terán a oportunidade de realizar, ademáis da proba mixta, unha proba específica relacionada coas prácticas de laboratorio. A cualificación desta proba específica sustituírá á cualificación obtida nasprácticas para a cualificación global.

-Os alumnos que non participen nas actividades avaliables das sesións de seminario e non realicen as probas obxectivas obterán unha cualificación de 0 nestes apartados (5 % e 15 %, respectivamente, da nota global) nas dúas oportunidades. Na segunda oportunidade manterase a cualificación obtida durante o curso para a nota global.

- O alumno obterá a cualificación de non presentado cando non realice as prácticas de laboratorio e tampouco se presente á proba mixta. Polo que refírese aos sucesivos cursos académicos, o proceso de ensino-aprendizaxe, incluida a avaliación continua, refírese a un curso académico, e polo tanto, volvería a comenzar un novo curso, incluidas todas as actividades e procedimentos de avaliación que programense para o devandito curso.

-Na segunda oportunidade: a cualificación da proba mixta obtida na segunda oportunidade substituirá á da primeira. Os alumnos avaliados na segunda oportunidade sólo poderán optar á matrícula de honra se o número máximo destas para o correspondiente curso non se cubreu na súa totalidade na primeira oportunidade.

No caso de circunstancias excepcionais , obxectivas e adecuadamente xustificadas, o Profesor Responsable podería eximir total ou parcialmente a algún membro do alumnado de concorrer ao proceso de avaliación continuada. O alumnado que se atope nesta circunstancia deberá superar un exame específico que non deixe dúbidas sobre a consecución das competencias propias da materia.

Alumnos con recoñecemento de adicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia:

A realización das prácticas de laboratorio será obligatoria e será facilitada dentro da flexibilidade que permitan os horarios de coordinación e os recursos materiais e humanos. Consideraránseexentos das sesións maxistrales e se lles facilitará a asistencia ao maior número posible de seminarios. De nonpoder asistir aos seminarios o alumno fará un traballo titorizado. Esto aplicarase a ambas oportunidades de exame.

Na avaliación da materia aplicarase todo o establecido no artigo 14, relativo á Comisión de Fraude e responsabilidades disciplinarias, das Normas de avaliación de graos e másteres da UDC

## Fontes de información

| | |
|---|---|
| Bibliografía básica | - Petrucci, R.H.; Herring, F.G.; Madura, J.D.; Bissonnette, C. (2011). Química General: principios y aplicaciones modernas. 10ª Ed., Prentice Hall, Madrid.<br>-Tamén existen edicións anteriores do libro de texto recomendado Petrucci. Por exemplo na biblioteca disponse de exemplares da 8ª Ed., con referencia: QX-240. |
| Bibliografía complementaria | - Reboiras, M.D. (2007). Problemas resueltos de Química. Madrid, Thomson Paraninfo, S.A.<br>- Chang, R. L. (2013). Química. 11ª Ed., México: Mc Graw Hill.<br>- Reboiras, M.D.  (2006 ). Química. La ciencia básica . Madrid, Thomson Paraninfo, S.A.<br>- Atkins, P.; Jones, L.  (2012). Principios de Química. Los caminos del descubrimiento. 5ª Ed., Madrid: Ed. Médica Panamericana.<br>-  (). .<br>En xeral calquera libro de texto de química xeral serve como guía de estudo para a materia. |

| Recomendacións |
|---|
| Materias que se recomenda ter cursado previamente |
| Química Xeral 1/610G01007<br>Laboratorio de Química 1/610G01010 |
| Materias que se recomenda cursar simultaneamente |
| Química Xeral 2/610G01008 |
| Materias que continúan o temario |
| Química Analítica 1/610G01011<br>Química Física 1/610G01016<br>Química Inorgánica 1/610G01021<br>Química Orgánica 1/610G01026<br>Laboratorio de Química 2/610G01032 |
| Observacións |
| Co fin de superar con éxito a materia, é imprescindible que o alumno teña unha serie de coñecementos previos de química e de matemáticas, de acordo co nivel esixido en secundaria e bacharelato, como son: nomenclatura e formulación química, axuste de reaccións químicas, cálculos estequiométricos, identificación carácter ácido-base de compostos comúns, obtención de estados de oxidación dos elementos nas especies químicas, manexo de logaritmos, expoñentes, etc. RECOMENDACIÓN DO PROGRAMA GREEN CAMPUS: para axudar a<br>conseguir unha contorna inmediata sostible e cumprir co punto 6 da<br>?Declaración Ambiental de Facultade de Ciencias (2020)?, os traballos<br>documentais que se soliciten nesta materia:<br><br>(a) Solicitaranse  mayoriatariamente en  format virtual e soporte<br>informático.(b) De realizarse en papel:<br><br>-Non se empregarán plásticos<br><br>-Realizaranse impresións a dobre cara<br><br>-Empregarase papel reciclado<br><br>-Evitarase a realización de borradores. |

**(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías**